



Día Internacional da Muller

Declaración institucional en conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller

Traballo celebrou o Día Internacional da Muller cunha exposición sobre a evolución das galegas no eido laboral

■ 3


Convocatoria de axudas socioeconómicas para os traballadores do mar afectados polo axuste da frota

Poderán acceder a axudas por reconversión parcial ou total, por saída do sector pesqueiro (xubilación anticipada), por paralización definitiva, así como para a adquisición do primeiro barco en propiedade

■ 4



A Consellería de Traballo recompila as principais disposicións xurídicas de impacto no eido laboral



NORMATIVA DA CONSELLERÍA DE TRABALLO 2008

■ 2

INFORME DO PARO REXISTRADO

Galicia é a comunidade na que menos aumentou o paro interanual no mes de marzo

- O número de parados con respecto ao mes de marzo de 2008 medrou un 32%
- En relación con mes anterior, o incremento do paro foi de 4.914 persoas
- A contratación indefinida en Galicia supón un 12,6% da contratación total, que no mes de marzo se situou en 49.122 contratos
- No mes de marzo de 2009 houbo 1.031.871 afiliados, polo que se produciu unha diminución interanual do total de afiliados de 47.595

■ 5

Un millón de euros ao fomento das iniciativas de emprego de base tecnolóxica

- As empresas interesadas poden solicitar estas subvencións ata o 15 de setembro deste ano

■ 4

Sumario

Igualdade	2-3
Publicacións	2-3
Emprego	4
Informe paro rexistrado	5
Bit's	6
Normativa	6-14

IGUALDADE

Declaración institucional en conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller

Santiago, 8 de marzo de 2009.- A plena participación da muller na vida política, civil, económica, social e cultural en condicións de igualdade e a erradicación de todas as formas de discriminación baseadas no sexo son obxectivos prioritarios da comunidade internacional, e por ende, da comunidade galega.

En concordancia con estes obxectivos, o compromiso da Xunta de Galicia coa igualdade e o emprego das mulleres galegas viuse plasmando a través das actuacións e iniciativas levadas a cabo nestes últimos anos. Así, a Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, e as posteriores normas de desenvolvemento dos seus postulados, dotaron as mulleres galegas de instrumentos para que esta igualdade sexa efectiva.

Así mesmo, as medidas concretas acordadas no proceso de Diálogo Social, en materia de emprego e relacións laborais, buscan desenvolver un conxunto de liñas de acción política, informadas polo concepto de transversalidade, co obxectivo último de rematar coas discriminacións salariais e de calquera outro tipo da muller traballadora.

A sociedade galega conta, polo tanto, con canles e medios de recoñecemento para que as mulleres galegas, que dende tempos remotos vían como os seus dereitos non eran recoñecidos en condicións de igualdade, os fagan agora efectivos.

As políticas públicas postas en marcha na nosa comunidade destinadas a favorecer a incorporación igualitaria das mulleres no

mercado laboral, a pesar do avance que supuxeron, precisan, máis ca nunca, que continuemos incidindo neste ámbito, porque o panorama que se nos presenta evidencia esta necesidade, xa que, nestes tempos onde a crise incide nas empresas e, como consecuencia, aos traballadores e traballadoras, necesitamos que os logros acadados, nos sexan esquecidos e que non sexa a muller, unha vez máis, a que sufra máis directamente as consecuencias desta situación. Polo tanto, debemos persistir no novo modelo económico e social onde o concepto de igualdade real e efectiva e o de plena incorporación de homes e mulleres sexan o elemento clave de produtividade e eficiencia.

Unha sociedade moderna e avanzada, como a galega, non pode nin debe deixar de contar coa contribución dunhas mulleres, as galegas, formadas e capacitadas, que supoñen máis do 50% da nosa poboación.

Por todo isto, faise necesario continuar potenciando actuacións para acadar a igualdade no ámbito laboral: igualdade en canto ao salario e calidade do emprego; a promoción de políticas para fomento da igualdade nas empresas; a posta en marcha de campañas informativas e de sensibilización e medidas conciliación da vida laboral e persoal.

Reafirmamos así, desde a Xunta de Galicia, a aposta polas mulleres do noso país para que nestes novos tempos o camiño marcado non sexa desandado e a igualdade de oportunidades sexa, á fin, unha realidade.



A Consellería de Traballo recompila as principais disposicións xurídicas de impacto no eido laboral

Un ano máis, a Consellería de Traballo recompila na presente publicación as principais disposicións xurídicas de impacto no eido laboral elaboradas polo departamento.

Dado o seu volume, a edición deste ano realizou-

se en formato CD para optimizar custos e para facilitar a súa manexabilidade e navegabilidade. Contén un menú de arranque que permite realizar procuras así como vínculos aos documentos orixinais do Diario Oficial de Galicia.

Traballo celebra o Día Internacional da Muller cunha exposición sobre a evolución das galegas no eido laboral

- ▶ A mostra, que leva por nome '(m)2', dá conta da vida de 16 mulleres galegas reais dende o seu rol de nai, filla e traballadora
- ▶ As instantáneas, pertencentes ao fotógrafo coruñés Xosé Abad, amosan a evolución e os cambios experimentados polas galegas nestes últimos anos

Santiago, 5 de marzo de 2009.- Con motivo da celebración do Día Internacional de Muller o vindeiro 8 de marzo, a Consellería de Traballo apoiou a organización dunha exposición fotográfica e audiovisual na que se busca mostrar o percorrido sociolóxico da evolución de Galicia a través dos cambios experimentados polas mulleres galegas.

Dende o pasado venres 6 de marzo e ata o día 30 de marzo, a mostra (m)2 quedou aberta ao público na Sala de Exposicións da Fundación Caixa Galicia na cidade da Coruña (Rúa Médico Rodríguez, nº 2-4).

Esta exposición está formada por 16 fotografías a tamaño natural (de 2 metros de altura) nas que se amosa a vida de 16 mulleres galegas (8 nais e cadansúa filla) dende a perspectiva de nais, de fillas e de mulleres traballadoras. Tamén se pretende reflectir a mensaxe que as nais transmitiron ás súas fillas ao longo da vida. Trátase dunha reflexión sobre a forza e o empu-



xe que propiciaron vidas diferentes para a seguinte xeración, xa con acceso á formación e a unha profesión ligada á migración das zonas rurais ás cidades.

Esta mostra complétase cunha peza audiovisual, realizada por Sandra Rey, na que as mulleres que conforman esta exposición poñen voz a súa fotografía.

Con este traballo preséntanse nais traballadoras do sector primario, como mariscadoras, redeiras ou traballadoras do sector da conserva, que contrastan coas posibilidades de formación e de acceso a outros empregos por parte das súas fillas, que desenvolven a súa actividade

profesional como bombeiras, pilotos de aviación ou cirurxiás.

A apertura desta mostra enmárcase dentro dos actos de celebración do Día Internacional da Muller. Tamén representa unha mostra do compromiso do departamento laboral da Xunta de Galicia coa igualdade e o emprego das mulleres galegas.

Este proxecto contou co patrocinio da Consellería de Traballo e coa colaboración doutras entidades e empresas galegas que están comprometidas con este proxecto e co que significa.

PUBLICACIÓNS

PUBLICACIÓNS MARZO 2009

As publicacións editadas pola Consellería no mes de marzo son as seguintes:

- ▶ Galicia. Informe do paro rexistrado. Febreiro 2009
- ▶ Boletín do Instituto Galego de Cualificacións. Nº 1. (edición en castelán).
- ▶ Normativa da Consellería de Traballo 2008



A Consellería de Traballo dedica un millón de euros ao fomento das iniciativas de emprego de base tecnolóxica

▶ O departamento concede axudas á contratación temporal estable, á contratación de persoal experto técnico e ao inicio e posta en marcha da actividade

▶ As empresas interesadas poden solicitar estas subvencións ata o 15 de setembro deste ano

Santiago, 6 de marzo de 2008.- A Consellería de Traballo apoia ao longo deste ano cun presuposto dun millón de euros o fomento de iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT). O Diario Oficial de Galicia (DOG nº41, do 27-02-09) publicou o pasado 27 de febreiro a orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas cualificadas como IEBT. Coa posta en marcha destas axudas a Consellería de Traballo financia parcialmente os custos necesarios para a creación de emprego nos proxectos empresariais innovadores de contido científico e tecnolóxico.

O programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica é un instrumento para a dinamización da vocación emprendedora, que axuda a aproveitar o potencial das persoas que se dedican á investigación, así como o das persoas que pretenden xestionar os seus proxectos empresariais innovadores. Outra das potencialidades deste programa é propiciar a transferencia de coñecemento creado nas universidades e centros de investigación en proxectos que crean novas actividades e novos postos de traballo de alta cualificación.

Os destinatarios deste programa de axudas son as empresas privadas que se constituán e inicien a súa actividade nun prazo non superior a un ano desde que o proxecto empresarial fora cualificado como IEBT.

A través desta orde a Consellería de Traballo establece axudas á creación de emprego estable, á contratación de persoal experto técnico de alta cualificación e ao inicio e posta en marcha da actividade. Tamén se establecen axudas de apoio a función xerencial e de subvención financeira.

Axudas á creación de emprego estable

No referente ás subvencións pola creación de postos de traballo estables de carácter indefinido, xa sexan por conta propia ou allea, que sexan ocupados por persoas desempregadas, incentivarase cada un deles cunha contía de 6.300 euros. Esta axuda incrementarase en 600 euros se a contratada é un muller desempregada.

Na orde tamén se establece que cando o posto de traballo sexa ocupado por un desempregado con título universitario, o incentivo será de 6.600 euros e de 7.200 euros cando se trate dunha muller. Cómpre sinalar que cando as contratacións se realicen a mozos menores de 30 anos as subvencións incrementarase en 300 euros máis.

Axuda á contratación de persoal técnico de alta cualificación

Para a contratación de persoal técnico de alta cualificación concederáselles ás empresas cualificadas como IEBT unha subvención cuxa contía será equivalente ao 50% dos custos laborais totais, incluídas as cotizacións á Seguridade Social.

A subvención terá como límite máximo de 30.000 euros, por todas as contratacións, e estará condicionada á xustificación pola empresa de que, coas contratacións obxecto de subvención, se suplan carencias para o desenvolvemento da actividade empresarial e o bo fin dela.

Poderán ser obxecto desta axuda as contratacións realizadas antes de transcorrer un ano desde a data de inicio da actividade, sendo subvencionables

as contratacións realizadas entre o 16 de setembro de 2008 e o 15 de setembro de 2009.

Apoio á función xerencial

Para o acompañamento no lanzamento da empresa e coa finalidade de favorecer a permanencia dos novos empregos creados, poderán ser obxecto de apoio as funcións xerenciais para axudar á persoa promotora ou empresario na toma de decisións necesarias para o funcionamento da empresa.

Así pois, establécese unha subvención de axuda por titoría. Esta modalidade refírese ao acompañamento técnico que unha persoa experta allea á empresa presta á persoa promotora ou empresaria nas súas actividades xerenciais durante un tempo determinado.

Outra modalidade é a axuda por formación, que incluírá os cursos que a persoa promotora ou empresario poida recibir para obter e mellorar os seus coñecementos sobre a función xerencial. Por último, determinase unha subvención para a realización externa de estudos e informes sobre a actividade, para que o empresario poida dispoñer de mellor información sobre os bens de produción, como estudos de mercado.

A contía do incentivo para o apoio á función xerencial será do 75% do custo dos servizos recibidos, cun límite máximo de 12.000 euros.

Subvención financeira

A modalidade de axuda financeira ten por finalidade favorecer a creación de postos de traballo, mediante a redución dos xuros de préstamos para financiar os investimentos en activo fixo que sexan necesarios para a creación e posta en marcha das empresas cualificadas como IEBT. Non obstante, poderase destinar ata un 25% do préstamo para financiar o activo circulante.

Esta axuda, pagadoira dunha soa vez, non poderá ser superior a 6.300 euros por emprego estable creado durante o primeiro ano de actividade.

Axuda ao inicio e posta en marcha da actividade

Esta subvención ten como finalidade financiar parcialmente os gastos necesarios para o inicio e posta en marcha da actividade. O importe máximo desta modalidade determinarase en atención ao número de postos de traballo estables creados durante o primeiro ano de actividade. En ningún caso poderá superar a contía de 9.000 euros por posto de traballo estable creado.

Esta axuda irá destinada a sufragar os gastos necesarios derivados da posta en marcha da actividade e do funcionamento da empresa, como os custos de constitución, os gastos pola compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos, de arrendamento do local, custos do seguro do local, de man de obra empregada na reforma ou de adecuación do local.

Prazo de presentación

As entidades interesadas en acollerse a este tipo de subvencións poderán solicitarlas ata o 15 de setembro de 2009. As empresas interesadas poden consultar información e descargar as solicitudes e os anexos deste programa de axudas na páxina web da Consellería de Traballo (<http://traballo.xunta.es>).

INFORME DO PARO REXISTRADO

Santiago, 2 de abril de 2009.- Galicia é a Comunidade Autónoma que experimentou en marzo o menor incremento de paro interanual, ao aumentar en 51.304 parados máis que en marzo de 2008, un 32%. Despois de Galicia figuran Extremadura, cun incremento do 38,1%, e Asturias, cun 41,7%. Dos datos deprende que o incremento de mulleres desempregadas é dun 17,5% e o dos homes dun 55,9%.

En relación cos datos do mes de febreiro deste ano, o incremento mensual do paro rexistrado situouse en 4.914 persoas máis, dato que en termos porcentuais representa un aumento do 2,4%.

En concreto, segundo os datos do Servizo Público de Emprego dados a coñecer hoxe polo Ministerio de Traballo e Inmigración, a media dos últimos doce meses de paro rexistrado é de 173.862 persoas, das que un 10% son menores de 25 anos e un 58,4% mulleres. Esta media é inferior tanto á existente en marzo de 2005 como á de xuño do mesmo ano, na que a media anual de demandantes era de 174.854 persoas.

Variación mensual do paro rexistrado

O número total de parados rexistrados en Galicia en marzo de 2009 é de 211.484 persoas, das que o 10,8% son menores de 25 anos e o 55,3% son mulleres. A media dos últimos doce meses de paro rexistrado tense reducido dende marzo de 2005 en 2.385 demandantes, un 1,4%.

En marzo foron rexistradas 1.044 demandas procedentes de contratos rematados noutras CC.AA. Madrid, Canarias e Castela León suman o 48% destas altas. Nos últimos doce meses o número de demandantes que teñen chegado a Galicia doutras comunidades autónomas é de 11.837 persoas. Arredor da cuarta parte de parados no que se incrementou o desemprego nos últimos doce meses, procede doutra comunidade.

En relación coa súa composición por idade e xénero, hai 94.580 homes, dos cales un 13,6% son mozos menores de 25 anos, e 116.904 mulleres, das que un 8,5% son menores de 25 anos. Os homes representan un 44,7% e as mulleres un 55,3% do total de demandantes. Respecto a febreiro, os homes incrementan o paro en 1.965 demandas e as mulleres en 480.

Sectores produtivos

Cómpre subliñar que en marzo deste ano

iniciouse a aplicación da CNAE 2009 (Clasificación Nacional de Actividades Económicas) que substitúe á de 1993. Esta variación do sistema de clasificación de actividades económicas fai imposible ter para este mes datos comparables coas series anteriores. Nos próximos días poderán consultarse series homoxéneas.

Non obstante, a distribución do paro rexistrado por sectores é a seguinte: no sector da agricultura e pesca o número de demandantes sitúase nos 5.573 parados, na industria hai 34.867 persoas, o sector da construción rexistrou un total de 32.701 demandantes, os servizos 120.192 persoas e, por último, no colectivo sen emprego anterior hai 18.151 parados.

Datos de contratación

No mes de marzo de 2009 rexistráronse 49.122 contratos, dos que o 12,6% foron indefinidos. O conxunto da contratación incrementouse nun 5,6% sobre o mes de febreiro. O peso da contratación indefinida aumenta en 0,5 puntos. Sobre marzo de 2008 a diminución da contratación estable foi do 15,2%.

Rexistráronse 2.589 contratos máis que en febreiro de 2009, un incremento do 5,6%. Das diferentes modalidades, os contratos formativos foron tiveron un descenso do 12,3% e os contratos indefinidos un incremento similar á media, o 5,6%.

En relación co mes de marzo de 2008, rexis-

tráronse 8.808 contratos menos, o que supón unha diminución do 15,2%. Desta redución soamente se exceptuaron as outras modalidades de contratación que tiveron un incremento do 71,3%. É especialmente salientable a redución dos contratos formativos nun 35,6%


Afiliación

No mes de marzo de 2009 houbo 1.031.871 afiliados, dos que o 72,8% están no Réxime Xeral, o 22,4% no Réxime de Autónomos, o 0,4% no Réxime Especial Agrario por conta allea, 2,4% no Réxime do Mar e o 2% no de Empregados do Fogar.

En relación co mes de febreiro prodúcese unha diminución de 1.613 afiliados, o 0,16%. A variación prodúcese fundamentalmente no Réxime Xeral, con 1.264 afiliados menos, o 0,17%. No Réxime de Autónomos hai 477 menos, o 0,21%.

A variación mensual de Galicia, un descenso de 0,16 puntos, é inferior a metade da producida no conxunto do Estado, un descenso de 0,30 puntos. Os réximes que teñen mellor comportamento en Galicia en relación co Estado son o de autónomos cunha redución inferior en 0,11 puntos e o Xeral con 0,21 puntos menos de diminución.

En relación co mes de marzo de 2008 prodúcese unha diminución do total de afiliados de 47.595 menos, o 4,4%.



O DOG publica a convocatoria de axudas socioeconómicas para os traballadores do mar afectados polo axuste da frota

Santiago, 20 de marzo de 2009.- A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG nº 55, do 20-03-09) unha orde pola que se establecen as bases e se regula a concesión, en 2009, de axudas de carácter socioeconómico dirixidas aos traballadores do mar afectados polos axustes da frota pesqueira. Trátase de medidas de acompañamento que buscan paliar os efectos da reestruturación da frota e dos seus traballadores, así como apoiar a reconversión destes profesionais. Para esta actuación a Administración pesqueira galega conta cun orzamento total de 1.285.383 euros, cofinanciado polo Fondo Europeo da Pesca (FEP 2007-2013), se ben este importe poderá ser ampliado sen que isto supoña a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Segundo a normativa publicada no DOG, dentro desta convocatoria establécense varios tipos de axudas. Así, atópanse as primas pola

reconversión parcial, para a diversificación de actividades, ou total, como apoio á reconversión profesional noutro sector distinto ao da pesca marítima. Para estas dúas medidas fíxanse unhas contías máximas de 21.000 euros e 52.000 por beneficiario individual, respectivamente. Tamén se inclúe unha prima polo saída do sector pesqueiro, é dicir, pola xubilación anticipada, a través da que o pescador retirado percibirá unha compensación económica ata que non acade a idade legal de xubilación ordinaria. Neste caso, a subvención máxima por ano será de 12.500 euros por beneficiario, recibindo unha cantidade de 1.041 euros ao mes.

Fixanse ademais as primas non renovables, que se conciben como compensacións aos tripulantes dos buques que paralizasen a súa actividade definitivamente como consecuencia dun plan de axuste de esforzo pesqueiro. A cantidade máxima que se poderá percibir ao abeiro deste tipo de axuda será de

10.500 euros por persoa.

Por último, a través desta convocatoria poderase acceder a unha prima pola compra do primeiro barco, coa finalidade de facilitar o acceso á propiedade dun barco aos profesionais do sector que nunca tivesen un en propiedade. A contía máxima que se poderá percibir non poderá ser superior ao quince por cento do custo da adquisición do barco e non excederá dos 50.000 euros.

Beneficiarios e requisitos por tipo de axuda

Os beneficiarios destas actuacións poderán ser os tripulantes de buques pesqueiros afectados por medidas de reestruturación da frota, que teñan porto base en Galicia, así como os tripulantes cuxo domicilio fiscal se atope na nosa comunidade autónoma. Para poder acceder a cada tipo de axuda deberán cumprirse os requisitos esixidos para cada unha delas.

BIT'S

O Centro de Novas Tecnoloxías e a empresa Red Hat colaborarán para o desenvolvemento de formación especializada

Santiago, 31 de marzo de 2008.- O director xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo, Pastor Fuenteseca, e o director financeiro de Red Hat Europa, Oriente Medio e África, Brendan Lane, veñen de asinar un convenio de colaboración entre o Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia e a devandita empresa para o desenvolvemento en Santiago de formación en TIC especializada. O acordo inclúe o desenvolvemento de seminarios tecnolóxicos, a presentación de novos produtos e accións informativas ou sensibilizadoras que sexan de interese para o tecido produtivo de Galicia.

Conscientes da importancia do papel que as novas tecnoloxías desenvolven no campo da innovación, xerando calidade na presta-

ción dos servizos e mellorando a produtividade das empresas, a Consellería de Traballo e Red Hat acadaron un acordo de colaboración para desenvolver distintas actuacións conxuntas que incidan positivamente nos diferentes sectores que configuran o contorno propio das denominadas tecnoloxías de comunicación e da información.



O Congreso valida o Real Decreto-Lei de medidas urgentes para o Emprego

Madrid, 26 marzo de 2009.- O ministro de Traballo e Inmigración, Celestino Corbacho, presentou no Congreso, para a súa validación, o Real Decreto-Lei de medidas urgentes para o mantemento e o fomento do emprego e a protección das persoas desempregadas, aprobado polo Consello de Ministros o pasado 6 de marzo.



NORMATIVA DOG

- ▶ Corrección de erros.-Orde do 11 de decembro de 2008 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores e traballadoras desempregados/as na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao ano 2009. (DOG nº 43, do 3-03-09).
- ▶ Orde do 26 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación por conta allea de persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (DOG nº 43, do 3-03-09).
- ▶ Resolución do 20 de febreiro de 2009 pola que se lle dá publicidade aos convenios de colaboración suscritos por este organismo no último cuadrimestre de 2008. (DOG nº 43, do 3-03-09).
- ▶ Orde do 19 de febreiro de 2009 pola que se regulan as probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezaoi- to anos. (DOG nº 44, do 4-03-09).
- ▶ Orde do 25 de febreiro de 2009 pola que se establece o procedemento para a solicitude de acreditación de actividades no Sistema Acreditador da Formación Continuada das profesións sanitarias na Comunidade Autónoma de Galicia a través de Saga. (DOG nº 47, do 9-03-09).
- ▶ Decreto 45/2009, do 12 de febreiro, polo que se modifica o artigo 6 do Decreto 133/2002, do 11 de abril, polo que se regula a concesión de préstamos polo Instituto Galego de Promoción Económica. (DOG nº 48, do 10-03-09).
- ▶ Orde do 4 de marzo de 2009 pola que se crean ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Traballo. (DOG nº 48, do 10-03-09).
- ▶ Resolución do 3 de marzo de 2009 pola que se modifican as bases reguladoras do programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas (programa Innoem- presa) en Galicia, adaptándoas ao Regula- mento (CE) 800/2008, do 6 de agosto, xeral de exención por categorías, e se procede á convocatoria para o exercicio 2009, en réxi- me de concorrencia competitiva, das liñas de axuda previstas nestas bases. (DOG nº 48, do 10-03-09).
- ▶ Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcio- narios/as con habilitación de carácter esta- tal. (DOG nº 52, do 16-03-09).
- ▶ Orde do 16 de febreiro de 2009 pola que se lle dá publicidade ao acordo polo que se lle encomenda ao Instituto Galego de Segurida- de e Saúde Laboral, o desenvolvemento material das actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e rexistro de datos relativos a exencións de auditorías en aplicación do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regula- mento dos servizos de prevención. (DOG nº 52, do 16-03-09).
- ▶ Orde do 9 de marzo de 2009 pola que se acorda a cesión en propiedade de catro ordenadores persoais á Asociación Medio- ambiental Río Orza. (DOG nº 52, do 16-03-09).
- ▶ Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras dos pro- gramas para o fomento da estabilidade no emprego, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (DOG nº 53, do 17-03-09).
- ▶ Decreto 58/2009, do 18 de marzo, polo que se dispón que cese José Vázquez Portome- ñe como secretario xeral da Consellería de Traballo. (DOG nº 55, do 20-03-09).
- ▶ Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas de carácter socioeco- nómico cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca e se establece a súa convocatoria para o ano 2009. (DOG nº 55, do 20-03-09).
- ▶ Orde do 12 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento para a acreditación das entidades formativas para a impartición do curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de constru- ción. (DOG nº 58, do 25-03-09).
- ▶ Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se ditan normas relativas á inscrición no rexis- tro de entidades colaboradoras da Conselle- ría do Medio Rural para a realización de actividades de formación continua e transfe- rencia de tecnoloxía en materia agraria e sobre o procedemento de homologación dos cursos realizados por estas entidades e a expedición de certificacións e diplomas oficiais por parte da Administración pública. (DOG nº 60, do 27-03-09).
- ▶ Resolución do 16 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entida- des de iniciativa social para o desenvolve- mento das liñas de actuación e estímulo á formación de mulleres e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 60, do 27-03-09).
- ▶ Corrección de erros.-Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regula- mento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. (DOG nº 61, do 30-03-09).
- ▶ Corrección de erros.-Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para o fomento da estabilidade no emprego, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (DOG nº 62, do 31-03-09).
- ▶ Orde do 25 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras dos pro- gramas de fomento do emprego en empre- sas de economía social e de promoción do cooperativismo e se procede á súa convoca- toria para o ano 2009. (DOG nº 62, do 31-03-09).

NORMATIVA DOUTRAS CCAA



ANDALUCÍA

- Decreto 48/2009, do 3 de marzo, polo que se crea a Comisión Consultiva Tripartita en materia de Inspección de Traballo e Seguridade Social de Andalucía. (BOJA do 18-03-09).

ARAGÓN

- Decreto 22/2009, do 24 de febreiro, do Goberno de Aragón, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións complementarias de incentivos rexionais. (BOA do 9-03-09).
- Orde de 25 de febreiro de 2009, do Departamento de Economía, Facenda e Emprego, pola que se convoca para o exercicio 2009 a concesión de subvencións de apoio ás organizacións sindicais, conforme ao Decreto 23/ 2008, do 12 de febreiro, do Goberno de Aragón, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións en materia de relacións laborais e prevención de riscos laborais. (BOA do 19-03-09).
- Orde de 16 de marzo de 2009, da Conselleira de Servizos Sociais e Familia, pola que se fai pública a convocatoria de subvencións para os anos 2009 e 2010 do Programa de Innovación para a Inclusión Social no marco do Programa Operativo do Fondo Social Europeo 2007-2013. (BOA do 26-03-09).
- Orde de 19 de marzo de 2009, do Conselleiro de Agricultura e Alimentación, pola que se modifica a Orde de 24 de setembro de 2007, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións en materia de fomento das estruturas asociativas agrarias. (BOA do 30-03-09).
- Resolución do 16 de marzo de 2009, da Dirección Xerencia do Instituto Aragonés de Emprego, pola que se convocan, para o ano 2009, as subvencións para o emprego con apoio, como medida de fomento do emprego das persoas con minusvalidez no mercado ordinario de traballo. (BOA do 31-03-09).

ASTURIAS

- Resolución do 16 de marzo de 2009, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de investigación con perspectiva de xénero. (BOPA do 23-03-09).
- Resolución do 18 de marzo de 2009, do Servizo Público de Emprego, pola que se convoca o VI Premio ás boas prácticas na xestión de recursos humanos na empresa (ano 2009). (BOPA do 27-03-09).
- Resolución do 18 de marzo de 2009, do Servizo Público de Emprego, pola que se convocan axu-

das individuais destinadas a persoas desempregadas para facilitar a conciliación da vida familiar coa participación en programas para o fomento do emprego. (BOPA do 31-03-09).

CANARIAS

- Resolución do 5 de marzo de 2009, do Presidente do Servizo Canario de Emprego, pola que se modifica a Resolución do 11 de setembro de 2008, do Presidente, que aproba as bases reguladoras de vixencia indefinida para a concesión de subvencións dirixidas á inserción sociolaboral en empresas de inserción, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e establécese a convocatoria para o ano 2008 (B.O.C. n.º 188, de 19.9.08). (BOC do 19-03-09).
- Orde de 12 de marzo de 2009, pola que se convocan subvencións a proxectos de Cooperación Empresarial no sector comercial canario, para o exercicio 2009. (BOC do 23-03-09).
- Resolución do 10 de marzo de 2009, do Presidente, pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións no ámbito da colaboración con Comunidades Autónomas, Universidades e Institucións sen ánimo de lucro, específicos da Comunidade Autónoma de Canarias que contraten traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social, no exercicio 2009. (BOC do 23-03-09).
- Resolución do 16 de marzo de 2009, do Presidente, pola que se aproba a convocatoria de concesión de subvencións para a realización de accións de orientación profesional para o emprego e asistencia para o autoemprego, a entidades colaboradoras sen ánimo de lucro, no exercicio 2009. (BOC do 25-03-09).
- Orde de 17 de marzo de 2009, pola que se convocan para o exercicio de 2009, as axudas establecidas na Orde de 17 de maio de 2002, que regula as bases que han de rexer con carácter indefinido as convocatorias das axudas aos alumnos dos Institutos de Formación Profesional Marítimo-Pesqueiro dependentes desta Consellería, pola realización do módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT). (BOC do 26-03-09).

- Resolución do 20 de marzo de 2009, do Presidente, pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións ás Unidades de Apoio, á actividade profesional no marco dos servizos de axustes de persoal e social dos Centros Especiais de Emprego. (BOC do 31-03-09).

- Resolución do 20 de marzo de 2009, do Presidente, pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións para a realización de Emprego con Apoio, como medida de fomento de

emprego de persoas con minusvalidez no mercado ordinario de traballo. (BOC do 31-03-09).

CANTABRIA

- Orde EMP/31/2009, do 25 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2009 as subvencións no ámbito dos programas de Escolas Taller e Casas de Oficios, Talleres de Emprego e Unidades de Promoción e Desenvolvemento. (BOC do 3-03-09).
- Resolución da directora do Servizo Cántabro de Emprego, pola que se determinan os colectivos que se consideran preferentes no ano 2009 na selección de persoas desempregadas para cubrir ofertas de traballo derivadas da concesión de subvencións a Corporacións Locais, órganos da Administración Xeral do Estado e os seus Organismos Autónomos, Comunidades Autónomas, Universidades e Institucións sen ánimo de lucro, para a contratación de traballadores desempregados na realización de obras e servizos de interese xeral e social e outros programas xestionados polo Servizo Cántabro de Emprego. (BOC do 25-03-09).
- Orde EMP/33/2009, do 20 de marzo, pola que se establecen as bases reguladoras e se aproba a convocatoria para o ano 2009 de subvencións destinadas a fomentar a participación, permanencia e promoción das mulleres no mercado de traballo. (BOC do 31-03-09).
- Orde EMP/34/2009, do 20 de marzo, pola que se declara a dispoñibilidade dunha contía adicional dun millón de euros e a súa distribución definitiva, destinada a financiar a Convocatoria de Concesión de Subvencións efectuada pola Orde EMP/84/2008, do 18 de decembro, pola que se establecen as Bases reguladoras e se aproba a Convocatoria para o ano 2009 de Subvencións ás Corporacións Locais da Comunidade Autónoma de Cantabria e as súas entidades vinculadas ou dependentes para a contratación de persoas desempregadas na realización de obras e servizos de interese xeral e social. (BOC do 31-03-09).

CASTELA-A MANCHA

- Orde de 23/02/2009, da Consellería de Traballo e Emprego, pola que se modifica a Orde de 28/10/2008, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para incentivar a contratación indefinida no ámbito territorial de Castela-A Mancha. (DOCM do 4-03-09).
- Orde de 02/03/2009, da Consellería de Traballo e Emprego, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a contratación de xerente, o fomento da comercialización e a cooperación interempresarial e a mellora da competitividade dos centros especiais de

emprego, e efectúase a convocatoria para 2009. (DOCM do 16-03-09).

- ▶ Orde de 05/03/2009, da Consellería de Traballo e Emprego, pola que se aproban as bases e se convocan subvencións con cargo ao fondo de axuda sindical. (DOCM do 16-03-09).
- ▶ Orde de 11/03/2009, da Consellería de Traballo e Emprego, a que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións no marco de actuación competencial da Consellería de Traballo e Emprego. (DOCM do 18-03-09).
- ▶ Orde de 24/03/2009, da Consellería de Traballo e Emprego, pola que se modifica a Orde de 15/04/2005, pola que se establece a convocatoria pública para a concesión de subvencións destinadas á realización de accións de orientación profesional para o emprego e asistencia para o auto-emprego, e se aproba unha nova convocatoria para o exercicio 2009. (DOCM do 27-03-09).

CASTELA E LEÓN

- ▶ Orde EYE/401/2009, do 19 de febreiro, pola que se establecen as Bases Reguladoras das subvencións dirixidas a Entidades Locais, para a contratación de traballadores no ámbito dos Novos Depósitos de Emprego. (BOCyL do 3-03-09).
- ▶ Orde EYE/402/2009, do 19 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións dirixidas para o financiamento de investimentos realizados en Centros Especiais de Emprego. (BOCyL do 3-03-09).
- ▶ Orde EYE/403/2009, do 19 de febreiro, pola que se regula e convoca para o ano 2009 unha liña de axuda destinada a garantir recursos mínimos de subsistencia a traballadores vinculados por campaña á trituración de remolacha con suspensión dos seus contratos de traballo a consecuencia de circunstancias meteorolóxicas adversas. (BOCyL do 3-03-09).
- ▶ Orde EYE/404/2009, do 19 de febreiro, pola que se adecúa a Orde TAS/3501/2005, do 7 de novembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o fomento do emprego e mellora da competitividade nas cooperativas e sociedades laborais ás peculiaridades organizativas e a normativa aplicable na Comunidade de Castela León. (BOCyL do 3-03-09).
- ▶ Orde EYE/405/2009, do 23 de febreiro, pola que se establecen as Bases Reguladoras das subvencións dirixidas ao fomento dos investimentos para a creación e desenvolvemento de cooperativas e sociedades laborais e, para a incorporación de socios traballadores ou de traballo nelas. (Códigos REAI 006 e 007). (BOCyL do 3-03-09).
- ▶ Orde EYE/406/2009, do 20 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas dirixidas a licenciados e/ou diplomados universitarios da Comunidade Autónoma de Castela e León para a realización de estudos

monográficos sobre seguridade e saúde laboral. (BOCyL do 3-03-09).

- ▶ Orde EYE/408/2009, de 24 de febreiro, pola que se aproban as Bases Reguladoras das subvencións aos Créditos Anticipo de Incentivos ao Investimento que convoque a Axencia de Investimentos e Servizos de Castela e León, dirixidas ás empresas e cofinanciadas con fondos FEDER. (BOCyL do 3-03-09).
- ▶ Orde EYE/409/2009, de 19 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas dirixidas á mellora das condicións de traballo destinadas á adquisición, adaptación ou renovación de máquinas e equipos de seguridade, (código de Rexistro de Axudas TRA011), así como á realización de diversas accións de fomento e incentivación da integración da xestión da prevención de riscos laborais nas pequenas empresas e microempresas da Comunidade Autónoma de Castela e León. (Código de Rexistro de Axudas TRA012). (BOCyL do 3-03-09 e corrección de erros non BOCyL do 25-03-09).
- ▶ Orde EYE/410/2009, do 23 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións dirixidas ao fomento do espírito emprendedor e do asociacionismo de Traballadores Autónomos, Cooperativas e Sociedades Laborais en Castela e León. (BOCyL do 3-03-09).
- ▶ Orde EYE/411/2009, do 23 de febreiro, pola que se establecen as Bases Reguladoras das subvencións dirixidas á contratación de traballadores con minusvalidez nas empresas ordinarias. (Código de Rexistro de Axudas EYE 005). (BOCyL do 3-03-09).
- ▶ Orde EDU/440/2009, do 2 de marzo, pola que se convocan axudas a entidades privadas sen ánimo de lucro destinadas a financiar programas de educación de persoas adultas, para o curso 2009/2010. (BOCyL do 4-03-09).
- ▶ Orde EDU/441/2009, do 2 de marzo, pola que se convocan axudas, cofinanciadas polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, a Concellos e Deputacións Provinciais destinadas a financiar programas de educación de persoas adultas, para o curso 2009/2010. (BOCyL do 4-03-09).
- ▶ Orde EYE/478/2009, do 27 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao apoio e consolidación do autoemprego na Comunidade de Castela e León. (BOCyL do 5-03-09).
- ▶ Orde EYE/519/2009, do 5 de marzo, pola que se aproban as Bases Reguladoras polas que se rexerán as axudas para salvamento e reestruturación de empresas en crise que convoque a Axencia de Investimentos e Servizos de Castela e León. (BOCyL do 9-03-09).
- ▶ Resolución de 5 de marzo de 2009, do Presidente da Axencia de Investimentos e Servizos de Castela e León, polo que se aproba a convocatoria, así

como as disposicións que a regulan, para a tramitación e concesión das axudas previstas na Orde EYE/519/2009, de 5 de marzo de 2009, pola que se aproban as Bases Reguladoras polas que se rexerán as axudas para Salvamento e Reestruturación de Empresas en Crise que convoque a Axencia de Investimentos e Servizos de Castela e León. (BOCyL do 10-03-09).

